



COMUNICACIÓN ORAL FORMAL



"Comunicación" (geralt, Licenza Pixabay)



ÍNDICE

COMUNICACIÓN ORAL FORMAL

1. COMUNICACIÓN ORAL FORMAL.....	1
2. SISTEMA VOCÁLICO DO GALEGO.....	2
<i>Exercicios</i>	3
3. A VARIEDADE ESTÁNDAR.....	4
3.1 Castelanismos.....	4
3.1.1 Exemplos.....	4
<i>Exercicios</i>	5
3.2 Vulgarismos.....	5
<i>Exercicios</i>	6
3.3 Dialectalismos.....	6
<i>Exercicios</i>	7
4. O CURRÍCULO.....	9
<i>Exercicios</i>	11
SOLUCIÓN.....	12
Exercicio 1.....	12
Exercicio 2.....	12
Exercicio 3.....	12
Exercicio 4.....	13
Exercicio 5.....	13



1. COMUNICACIÓN ORAL FORMAL

Sabías que a lingua galega ten **sete vogais na fala**? Esta, ademais de ser unha das peculiaridades máis representativa do galego, é un dos aspectos máis difíciles de aprender desta lingua. As persoas que desde pequenas están en contacto co galego adquieren estes 7 sons sen decatarse. En cambio, as persoas que se achegan ao galego xa de maiores atópanse con algunha que outra dificultade para diferenciar estas vogais.

Se te fixas, cando te comunicas oralmente no teu día a día, falo de xeito espontáneo, sen medir cada unha das palabras que empregas. En cambio, se tes que expresarte nun contexto formal, adoitas empregar na medida do posible a **variedade estándar**. Esta variedade é a normativa, a que marca o que é correcto e o que non.

Dentro da variedade estándar non teñen cabida os **castelanismos**, os **vulgarismos** e os **dialectalismos**. Non obstante, estas características son moi habituais na fala espontánea das persoas galegofalantes.



2. SISTEMA VOCÁLICO DO GALEGO

A lingua galega ten **5 vogais cando escribes** e **7 cando falas**. Como é posible? Pois isto acontece porque as letras **"e"** e **"o"** **teñen dúas maneiras de pronunciarse**. Se te fixas, a dobre barra // emprégase para reflectir como se pronuncian as letras:

Vogais na escrita	Vogais na oralidade
a	/a/
e	/e/
	/ɛ/
i	/i/
o	/o/
	/ɔ/
u	/u/

O "e" e o "o" poden pronunciarse como unha vogal media pechada /e/ e /o/ ou como unha vogal media aberta /ɛ/ e /ɔ/. **A diferenza entre ambos os dous tipos de vogais radica nunha menor ou maior apertura da boca.** Podes axudarte do dicionario de pronuncia da lingua galega para escoitar os dous tipos de vogais: [Dicionario de pronuncia da lingua galega \(usc.es\)](https://ilg.usc.es/pronuncia/)¹. A continuación figuran as capturas de pantalla de tres buscas neste dicionario.

a) Busca 1: A palabra "óso" presenta unha vogal media aberta.

Dicionario de pronuncia da lingua galega

Busca ortográfica

Busca fonética

[Axuda na busca](#) | Exemplos: [alforxa](#), [alimen*](#), [c?](#)

☒ Léxico común
 ☐ Nomes propios:

☐ Persoa
 ☐ Apelidos
 ☐ Topónimos

Resultados atopados con óso

óso

substantivo masculino



Captura de pantalla Dicionario de pronuncia da lingua galega

1 <https://ilg.usc.es/pronuncia/>



b) Busca 2: A palabra "oso" presenta unha vogal media pechada.

Resultados atopados con oso

OSO

substantivo

'oso

Captura de pantalla Diccionario de pronuncia da lingua galega

c) Busca 3: A palabra "col" presenta unha vogal media aberta.

Resultados atopados con col

col

substantivo feminino

'kol

Captura de pantalla Diccionario de pronuncia da lingua galega



EXERCICIOS

Exercicio 1

Clasifica as palabras na seguinte táboa. Para facelo podes axudarte do diccionario de pronuncia da lingua galega: **pedra**, **bosque**, **bomba**, **festa**, **fento**, **estrela**, **cola**, **renda**, **cousa**, **pomba**.

/e/	/ɛ/	/o/	/ɔ/



3. A VARIEDADE ESTÁNDAR

O estándar é unha variedade lingüística común a todas as persoas que falan unha lingua e que se emprega en contextos formais como o ensino, a administración ou os medios de comunicación. **A variedade estándar é a variedade normativa**, a que está marcada no dicionario e nas normas ortográficas e gramaticais da lingua galega. Na variedade estándar non están presentes os castelanismos, os vulgarismos nin os dialectalismos, característicos todos eles da lingua oral.

3.1 Castelanismos

Como ben sabes, en Galicia fálanse dúas linguas: o galego e o castelán. Ambas as dúas estiveron en contacto ao longo da historia, o que provocou interferencias mutuas, é dicir, o galego presenta influencias do castelán e o castelán tamén incorporou trazos lingüísticos galegos. Así pois, **os castelanismos son palabras ou trazos do castelán que se usan na lingua galega**. Están **moi presentes na fala** das persoas galegofalantes e os máis habituais son os castelanismos léxicos, isto é, empregar unha palabras do castelán no canto da palabra galega.

3.1.1 Exemplos

Castelanismo	Palabra galega
Dios	Deus
Virgen	Virxe
Enero, febrero, mayo, junio, julio, septiembre, octubre, noviembre, diciembre	Xaneiro, febreiro, maio, xuño, xullo, setembro, outubro, novembro, decembro
Lunes, miércoles, jueves, viernes	Luns, mércores, xoves, venres
Buenos días, buenas tardes, buenas noches	Bo día ou bos días, boa tarde ou boas tardes, boa noite ou boas noites
Gracias	Grazas
Tenedor	Garfo
Cuchara	Culler
Cuchillo	Coitelo
Servilleta	Pano de mesa

Vajilla	Vaixela
Gallego	Galego
Estribillo	Retrouso
Abuchear	Apupar
Entrenador,-a	Adestrador,-a

EXERCICIOS

Exercicio 2

Substitúe o castelanismo que figura en letra grosa pola palabra galega correspondente.

- Alicia sempre se esquece de poñer as **servilletas**
- Ten clase de **gallego** os **lunes**
- Este ano choveu moito nos meses de **junio** e **julio**
- Nin os **buenos días** **nin gracias**, que maleducada!
- Cando rematou o partido, o equipo perdedor foi **abucheado**

3.2 Vulgarismos

Os **vulgarismos** son palabras que están **moi presentes na fala** das persoas, pero que **non están recollidas na variedade estándar**. Algúns dos vulgarismos máis habituais consisten en:

- Engadir unha vogal ao comezo da palabra: **arradio* no canto de *radio*.
- Engadir unha vogal no medio da palabra: **aldeia* no canto de *aldea*.
- Engadir unha vogal ao final da palabra: **comere* no canto de *comer*.
- Suprimir unha vogal ao comezo da palabra: **inda* no canto de **aínda*.

- Suprimir unha vogal no medio da palabra: **esprito* no canto de **espírito*.
- Suprimir a sílaba final dunha palabra: **tranquilidá* no canto de *tranquilidade*.
- Cambiar unha vogal por outra: **pidir* no canto de *pedir*.



EXERCICIOS

Exercicio 3

Indica que ocorre en cada un dos seguintes vulgarismos seguindo os exemplos feitos:

**adivertirse* no canto de *divertirse*: engádese unha vogal ao comezo da palabra.

**espranza* no canto de *esperanza*: suprímese unha vogal no medio da palabra.

**menistro* no canto de *ministro*: cámbiase unha vogal por outra.

* *mullere* no canto de *muller*:

**virtú* no canto de *virtude*:

**dazaseis* no canto de *dezaseis*:

**ialma* no canto de *alma*:

**difrente* no canto de *diferente*:

**fuciño* no canto de *fociño*:

**arrodear* no canto de *rodear*:

**difrente* no canto de *diferente*:

3.3 Dialectalismos

Sabías que dependendo da zona de Galicia na que te atopes o plural de *pantalón* varía? Pois si! Pantalón ten tres posibles plurais no territorio galego: pantalóns, pantalós ou pantalois.

Así pois, **os dialectalismos son palabras características dunha determinada zona que non están recollidas na variedade estándar.**

Segundo estas características lingüísticas, o territorio galego divídese en tres grandes partes: **bloque occidental**, **bloque central** e **bloque oriental**. Para diferenciar un bloque doutro, trázanse no mapa unhas liñas que se denominan **isoglosas**.

A continuación, figuran algunhas características lingüísticas de cada un dos bloques:

Bloque occidental	Bloque central	Bloque oriental
Plural -ns : pantalón s .	Plural -s : pantalón s .	Plural -is : pantalo is .
Gheada : ghato.	- Gheada na metade occidental do bloque: ghato. - Ausencia de gheada na metade oriental do bloque: gato.	Ausencia de gheada : gato.
Seseo : sapato, des.	Ausencia de seseo : zapato, dez.	Ausencia de seseo : zapato, dez.
Terminación -an : irmán.	Terminación -ao : irmao.	Terminación -ao : irmao.

EXERCICIOS

Exercicio 4

Indica a característica lingüística que ten cada unha das seguintes palabras e a que bloque pertence. Guíate polos exemplos feitos:

Ghaliña: gheada, bloque occidental e metade occidental do bloque central.

Guante: ausencia de gheada, metade oriental do bloque central e bloque oriental.

Camio**is**: plural -is, bloque oriental.

Chan: terminación -an: bloque occidental.

Reg**h**alo:

Bombó**s**:

Mao**o**:

Ladro**is**:

Disir:

Galiña:



Curmán:

Leóns:

Empezar:



4. O CURRÍCULO

Curriculum vitae é unha expresión latina que se traduce literalmente por “carreira da vida”. Hoxe en día, trátase dun documento que elaboras para a busca de traballo. Debe conter os teus **datos persoais** (foto, nome e apelidos), o teu **contacto** (número de teléfono, correo electrónico e dirección), a túa **formación académica** e a túa **experiencia laboral**. A seguir, aparece un modelo de currículo elaborado con canva: Se che interesa, podes entrar nesta ligazón [Canva: una Suite Visual para todo el mundo](#) e rexistrarte. A continuación, cómpre seguir a seguinte secuencia: crear deseño > currículo. Unha vez aquí, hai unha morea de modelos que podes modificar, elixe o que máis che guste e pincha sobre a información que queiras cambiar para introducir os teus datos.



Xulia Gómez Varela

Relacións Internacionais

Contacto

Teléfono
000000000

Correo electrónico
xxxxxxxxx@xxxxx.com

Dirección
Rúa O Parque, nº 43, 4B, Ourense, 32001

Educación

2010-2014
Grao en XXXXXX
Universidade de XXXXXX

2014-2015
Mestrado en XXXXXX
Universidade de XXXXXX

Habilidades

- Traballo en equipo
- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX

Linguas

Galego
XXXXXX

Experiencia laboral

○ 2016-2020
Nome da empresa e dirección
Descrición do traballo

○ 2020-2023
Nome da empresa e dirección
Descrición do traballo

○ 2023-2024
Nome da empresa e dirección
Descrición do traballo


"Currículo" Elaboración propia baseada en recursos con licenza de uso



EXERCICIOS

Exercicio 5

Elabora o teu propio currículo, podes facelo sobre o seguinte modelo.





Educación

Habilidades

Linguas



Experiencia laboral

-

-

-

-

"Currículo" Elaboración propia basada en recursos con licenza de uso



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

Clasifica as palabras na seguinte táboa. Para facelo podes axudarte do dicionario de pronuncia da lingua galega: **pedra**, **bosque**, **bomba**, **festa**, **fento**, **estrela**, **cola**, **renda**, **cousa**, **pomba**.

/e/	/ɛ/	/o/	/ɔ/
estrela, renda, cousa	pedra, festa, fento	bomba, pomba	bosque, cola

Exercicio 2

Substitúe o castelanismo que figura en letra grosa pola palabra galega correspondente.

- Alicia sempre se esquece de poñer **os panos de mesa**.
- Ten clase de **galego** os **luns**.
- Este ano choveu moito nos meses de **xuño** e **xullo**.
- Nin os **bos días** nin **grazas**, que maleducada!
- Cando rematou o partido, o equipo perdedor foi **apupado**.

Exercicio 3

Indica que ocorre en cada un dos seguintes vulgarismos seguindo os exemplos feitos:

**adivertirse* no canto de *divertirse*: engádese unha vogal ao comezo da palabra.

**espranza* no canto de *esperanza*: suprímese unha vogal no medio da palabra.

**menistro* no canto de *ministro*: cámbiase unha vogal por outra.

**mullere* no canto de *muller*: engádese unha vogal ao final da palabra.

**virtú* no canto de *virtude*: suprímese unha sílaba ao final da palabra.

**dazaseis* no canto de *dezaseis*: cámbiase unha vogal por outra.

**ialma* no canto de *alma*: engádese unha vogal ao principio da palabra.

**difrente* no canto de *diferente*: suprímese unha vogal no medio da palabra.

**fuciño* no canto de *fociño*: cámbiase unha vogal por outra.



**arrodear* no canto de *rodear*: engádese unha vogal ao principio da palabra.

**difrente* no canto de *diferente*: suprímese unha vogal no medio da palabra.

Exercicio 4

Indica a característica lingüística que ten cada unha das seguintes palabras e a que bloque pertencen. Guíate polos exemplos feitos.

Ghaliña: gheada, bloque occidental e metade occidental do bloque central.

Guante: ausencia de gheada, metade oriental do bloque central e bloque oriental.

Camiois: plural -is, bloque oriental.

Chan: terminación -an: bloque occidental.

Reghalo: gheada, bloque occidental e metade occidental do bloque central.

Bombós: plural -s, bloque central.

Mao: terminación -ao, bloque central e bloque oriental.

Ladrois: plural -is, bloque oriental.

Disir: seseo, bloque occidental.

Galiña: ausencia de gheada, metade oriental do bloque central e bloque oriental.

Curmán: terminación -an: bloque occidental.

Leóns: plural -ns, bloque occidental.

Empezar: ausencia de seseo, bloque central e bloque oriental.

Exercicio 5

Resposta persoal